



## Teaching Guide

Identifying Data					2023/24
Subject (*)	Internships		Code	662G01050d	
Study programme	Grao en Turismo (a distancia)				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	2nd four-month period	Fourth	Obligatory	24	
Language	SpanishGalician				
Teaching method	Non-attendance				
Prerequisites					
Department	Letras				
Coordinador	Moss , Sarah Louise	E-mail	sarah.moss@udc.es		
Lecturers	Crecente Maseda, Mario Mariz Perez, Rosa Martín Cancela, Elena Moss , Sarah Louise Rodríguez Carro, Carlos Rodríguez Pallas, Angel	E-mail	mario.crecente@udc.es rosa.mariz@udc.es elena.martin@udc.es sarah.moss@udc.es carlos.rodriguez3@udc.es angel.rodriguez.pallas@udc.es		
Web					
General description	<p>O Grao en Turismo da UDC Coruña, consciente da necesidade de formar os mellores profesionais en Turismo, considera, dentro do seu plan de estudos, unha materia obrigatoria denominada, Prácticas Externas.</p> <p>O turismo necesita profesionais competentes e o mellor xeito de orientar a formación e preparación dos nosos alumnos, pasa por ofrecerlles a oportunidade de entrar en contacto co mundo laboral real. Para iso a UDC ten asinados convenios de colaboración para alumnos en prácticas coas empresas e grupos do sector turístico.</p> <p>Durante o seu período de prácticas o alumno experimenta directamente as vantaxes e inconvenientes que deberá afrontar no seu futuro profesional, aprende a actuar cos medios e as técnicas que se utilizan diariamente e entra en contacto coas distintas ramas do sector turístico, o que lle permite poder elixir mellor o seu futuro profesional e prepararse para a súa inserción no mundo laboral.</p>				

## Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A1	Comprender os principios do turismo: a súa dimensión espacial, social, cultural, política, laboral e económica.
A3	Comprender o carácter dinámico e evolutivo do turismo e da nova sociedade do lecer.
A4	Coñecer as principais estruturas político-administrativas turísticas.
A6	Ter unha marcada orientación de servizo ao cliente.
A7	Recoñecer os principais axentes turísticos.
A10	Xestionar os recursos financeiros.
A11	Definir obxectivos, estratexias e políticas comerciais.
A12	Dirixir e xestionar (management) os distintos tipos de entidades turísticas.
A13	Manexar técnicas de comunicación.
A14	Comprender o marco legal que regula as actividades turísticas.
A15	Traballar en inglés como lingua estranxeira.
A16	Comunicarse de forma oral e escrita nunha segunda lingua estranxeira.
A17	Comunicarse de forma oral e escrita nunha terceira lingua estranxeira.
A18	Identificar e xestionar espazos e destinos turísticos.
A19	Xestionar o territorio turístico de acordo cos principios de sustentabilidade.
A20	Coñecer o procedemento operativo do ámbito de aloxamento.
A21	Coñecer o procedemento operativo do ámbito de restauración.



A22	Coñecementos a adquirir no ámbito dos procedementos operativos das empresas de intermediación.
A24	Utilizar e analizar as tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) nos distintos ámbitos do sector turístico.
A25	Comprender un plan público e as oportunidades que se derivan para o sector privado.
A26	Planificar e xestionar os recursos humanos das organizacións turísticas.
A27	Comprender o funcionamento dos destinos, estruturas turísticas e os seus sectores empresariais no ámbito mundial.
A29	Traballar en medios socioculturais diferentes.
A30	Coñecer as principais iniciativas de posta en valor do patrimonio cultural
A31	Comprender as características da xestión do patrimonio cultural.
A32	Detectar necesidades de planificación técnica de infraestruturas e instalacións turísticas.
A33	Creatividade.
A34	Iniciativa e espírito emprendedor.
A35	Motivación por calidade.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Comunicación oral e escrita en lingua nativa.
B3	Resolución de problemas.
B4	Razoamento crítico.
B5	Compromiso ético.
B6	Aprendizaxe autónoma.
B7	Adaptación a novas situacións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

## Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences / results		
Ser capaces de aprender de maneira autónoma na empresa na que os alumnos estean a se formar, comprometéndose coa política empresarial a todos os niveis e sabendo adaptarse aos cambios ou situacións expostas.		B5 B6 B7	
Ter iniciativa, vontade, saber estar, creatividade, proactividad e interese en levar a cabo o traballo encomendado, utilizando o razoamento crítico, a capacidade de análise e sístesis, sendo capaces de resolver os problemas cotiáns.	A33 A34 A35	B1 B3 B4 B5	
Traballar en inglés e outros idiomas en todas as empresas que o precisen, así como en espazos e medios socioculturais diferentes.	A15 A16 A17 A29		C2



Coñecer o procedemento operativo, as distintas técnicas de traballo, as aplicacións das tenoloxías da información e comunicación nos ámbitos de aloxamento, restauración, empresas de intermediación, planificación turística e información turística.	A7 A10 A20 A21 A22 A24 A30 A33 A34		C3 C6 C8
Recoñecer os principais axentes turísticos, así como el marco legal que regula as actividades do sector. Identificar, xestionar e dirixir espazos turísticos, destinos e todo tipo de entidades turísticas.	A1 A4 A7 A12 A14 A18 A19 A22 A25 A26 A27 A31 A32		
Ter unha marcada orientación de servizo ao cliente, cunha gran capacidade de comunicación, coñecendo claramente as políticas comerciais da empresa, sabendo, en cada caso, definir obxectivos e estratexias de comercialización, sempre buscando a calidade no servizo.	A3 A6 A11 A13 A29 A35		
Desenvolver o seu traballo de maneira comprometida cunha cidadanía aberta e comprometida. Asumir a importancia da aprendizaxe durante o seu proceso de formación e ao longo de toda a súa vida laboral.			C4 C5 C7
Ser capaces de desenvolverse perfectamente ante os clientes na súa lingua nativa, así como nas linguas oficiais da comunidade autónoma. Dominar a expresión e comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.		B2	C1 C2

Contents	
Topic	Sub-topic
Aplicaranse as competencias adquiridas nas materias do Grao en función do tipo de empresa /institución.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aplicar coñecementos nos departamentos das empresas de aloxamento</li> <li>- Aplicar coñecementos en empresas de intermediación e de transporte</li> <li>- Aplicar coñecementos en empresas ou institucións relacionadas coa xestión pública ou privada do Turismo</li> <li>- Aplicar coñecementos en empresas ou institucións relacionadas co Turismo Activo</li> <li>- Aplicar coñecementos en empresas ou institucións relacionadas coa organización de actos e eventos</li> <li>- Aplicar coñecementos en empresas ou institucións relacionadas coa información / guía turística</li> </ul>

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours



Simulation	A35 A34 A33 A32 A31 A30 A29 A27 A26 A25 A24 A22 A21 A20 A19 A18 A17 A16 A15 A14 A13 A12 A11 A10 A7 A6 A4 A3 A1 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	595	0	595
Personalized attention		5	0	5
(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.				

Methodologies	
Methodologies	Description
Simulation	Según o regulamento de prácticas do Grao en Turismo: <a href="https://www.udc.es/export/sites/udc/turismo/_galeria_down/practicas/Regulamento_practicas_externas_Grao_en_Turismo_texto.pdf_2063069294.pdf">https://www.udc.es/export/sites/udc/turismo/_galeria_down/practicas/Regulamento_practicas_externas_Grao_en_Turismo_texto.pdf_2063069294.pdf</a>

Personalized attention	
Methodologies	Description
Simulation	A cada estudante asígnaselle un / unha titor / a profesional da empresa /institución onde realiza as súas prácticas, que ofrecerá orientación e axuda. Así mesmo, avaliará aos /as estudantes de acordo con as provisións do regulamento de prácticas.  Tamén se lle asigna a cada estudante un /a titor/a académica que lle orientará antes, durante e despois do seu período de prácticas.

Assessment			
Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification



Simulation	A35 A34 A33 A32 A31 A30 A29 A27 A26 A25 A24 A22 A21 A20 A19 A18 A17 A16 A15 A14 A13 A12 A11 A10 A7 A6 A4 A3 A1 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Informe final do /da titor/a da empresa/ institución: 60% Memoria de Prácticas do /da estudante: 30% Informe do /da Titor /a Académico: 10%	100
------------	--	---	-----

Assessment comments



OS/AS ESTUDANTES DEBEN CUMPRIR COAS SEGUINTE OBRIGAS: Entregar en tempo e forma todos os documentos solicitados para a tramitación das súas prácticas:

solicitud, CV, etc.

Responder as

comunicacións que reciba ao seu nome desde a titoría de prácticas, ben sexa vía telefónica ou correo electrónico. Deben empregar sempre o enderezo de correo electrónico da UDC.

Informar a seu /sua titor/a académico/a, de

forma inmediata, de calquera incidencia relacionada coas prácticas.

Concertar co

titor interno, polo menos un contacto (persoal, telefónico ou enderezo de correo electrónico da UDC ) ao mes.

Entregar, a

través do Campus Virtual, un INFORME DE AVALIACIÓN MENSUAL DE PRÁCTICAS no que informará sobre as actividades realizadas, cumprimento de funcións, incidencias etc.

Comunicar á

Titoría de Prácticas calquera proposta de modificación das condicións de estancia na empresa inicialmente acordadas, así como calquera incidencia relevantes (enfermidade, faltas de asistencia?).

Entregar a

Memoria de Prácticas a través do Campus Virtual elaborada de acordo cos criterios que se establecen, na data asignada.

Cumprir

integralmente e nas condicións acordadas o período de prácticas establecido, principalmente no que se refire a datas e horarios.

Cumprir

estrictamente a normativa da empresa en canto a comportamento, vestimenta, uniformidade, calzado, aparencia física e uso de instalacións.

A empresa pode

anular o convenio de prácticas e prescindir da colaboración se este non cumpre coas súas obrigacións ou a súa actitude; comportamento ou aparencia non son os adecuados.

Os seguintes feitos terán consideración de faltas moi graves:

Ausencia

inxustificada ou retrasos frecuentes durante o período de prácticas.

Rendemento baixo ou actitude negativa no

desempeño das funcións encomendadas, segundo o criterio do titor externo.

Creación de

problemas ou conflitos ou calquera outro feito que dea lugar á interrupción das prácticas por parte da empresa.

Ante calquera incidencia

destas características a materia será cualificada como SUSPENSO.

Honradez académica/implicación de plaxio

Ao/á alumno/a que incorra en fraude académica aplicaráselle a sanción correspondente recollida no regulamento disciplinar do estudantado da UDC (art. 11, apartado 4. b)).

Regulamento disciplinar do estudantado da UDC (Artigo 11, apartado 4 b)

Cualificación de suspenso na convocatoria na que se cometa a falta de respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión de falta prodúcese na primeira oportunidade

como na segunda. Para isto procederá a modificar a súa cualificación na acta da primeira oportunidade, se fose necesario.

**Atención á diversidade** A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuadrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Turismo, dentro do período estipulado para cada sesión.

**Perspectiva de xénero** Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificarlos e fomentar valores de respecto e igualdade. No caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero, proporáse accións e medidas para corrixilas.



## Sources of information

<b>Basic</b>	As empresas /institucións onde os /as estudantes realizan as súas prácticas proporcionarán aos/ as estudantes a bibliografía /fontes de información que consideren necesarios.
<b>Complementary</b>	

## Recommendations

### Subjects that it is recommended to have taken before

Sociology of Tourism/662G01001  
Introduction to Economics/662G01002  
Introduction to Law/662G01003  
Geography of Tourism/662G01004  
Tourism Promotion and Communication Skills/662G01005  
Modern Language: English/662G01006  
Cultural Heritage/662G01007  
Information Technology /662G01008  
Introduction to Tourism/662G01009  
Business Economics/662G01010  
Financial Accounting/662G01011  
Statistics/662G01012  
Tourist Intermediation and Transport I/662G01013  
Hospitality and Catering I/662G01014  
First Modern Language I: English/662G01015  
Tourism Marketing/662G01016  
Cost Accounting/662G01017  
Regional Tourism Resources/662G01018  
Second Modern Language I: French/662G01019  
Tourist Intermediation and Transport II/662G01021  
Hospitality and Catering II/662G01022  
ICTs for Tourism /662G01023  
Tourism Research Methods and Techniques/662G01024  
Heritage Management for Tourism/662G01025  
Tourism Taxation/662G01026  
Financial Statement Analysis/662G01027  
First Modern Language II: English/662G01028  
Second Modern Language II: French/662G01029  
Tourist Product Commercialisation/662G01031  
Tourism and Governance/662G01032  
Quality Management/662G01033  
Second Modern Language III: French/662G01034  
Heritage Interpretation/662G01038  
Galicia as Tourist Destination/662G01040  
Creating and Managing Tourism Companies/662G01041  
Strategic Tourism Business Management/662G01042  
Managing Human Resources/662G01043  
English in the Workplace/662G01045  
Second Modern Language I: German/662G01047  
Second Modern Language II: German/662G01048  
Second Modern Language III: German/662G01049

### Subjects that are recommended to be taken simultaneously





Subjects that continue the syllabus
-------------------------------------

Other comments
----------------

Os /as estudantes

deben manter en todo momento unha actitude de interese, motivación, ganas de aprender e receptividade. APARENCIA

PERSOAL. O turismo supón contacto co público, polo que a presenza do alumno debe ser o máis coidada posible. O aseo e o aspecto persoal han de ser impecables. &nbsp;NORMAS BÁSICAS

DE CORTESÍA. Non se debe esquecer que o/a estudante en prácticas está a representar á empresa, á si mesmo/a e á Facultade de Turismo e por tanto debe ser sempre cortés e amable cos/coas clientes e cos/coas compañeiros/as de traballo.

(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.